

Cal é o prazo do concurso?	Do 8 ao 28 de novembro. O concurso é estatal.
Coñeceremos todas as vacantes ?	As provisionais antes do 15 de febreiro de 2017 e as definitivas antes do 6 de abril. Ademais vanse incluír as xeradas por xubilacións forzosas (70 anos) durante o curso 2016-17, as que se produzan ata o 31 de decembro de 2016 e as resultas, tanto das de este concurso como as do específico de orientación e adultos.
Quen pode concursar ?	Todo funcionariado de carreira e en prácticas. O profesorado que teña destino definitivo ten que levar 2 anos no seu último destino (a data 31 de agosto de 2017)
Quen ten a obriga de concursar ?	O funcionariado en prácticas (sen méritos con 0 puntos), o que estea en expectativa de destino, as persoas desprazadas por falta de horario e as suprimidas.
Teñen obriga de concursar as persoas desprazadas por falta de horario ?	Si, pero poden renunciar á participación nas 4 primeiras convocatorias sen perder o dereito preferente. O profesorado desprazado do centro nado antes do 31 de agosto de 1956 NON está obrigado.
Que tipos de dereito preferente hai e que profesorado pode exercelos?:	<ul style="list-style-type: none">- Dereito preferente a centro: pode exercelo o profesorado suprimido e o desprazado por falta de horario de todos os corpos. Todo o profesorado do corpo de catedráticos, PES e PTFP, poden exercer este dereito por adquisición dunha nova especialidade.- Dereito preferente a localidade: o profesorado suprimido de todos os corpos ademais do profesorado contemplado na base décimo sexta.- Dereito preferente a zona: só para o corpo de mestres.
Se exerzo o dereito preferente, podo pedir outros centros que me interesen?	SI.
Por cal dereito preferente é obrigatorio concursar para non perder este dereito?	O dereito preferente á localidade. Os demais son opcionais.
Se exerzo o dereito preferente a zona, teño que pedir todas as localidades ?	NON. Aparte da que xera o dereito, que si é obrigatoria, podes por aquelas que queiras. Pódense pedir os centros que se queiran de cada localidade, pero a petición ten que ir ordenada por localidades, non podendo alternar centros de distintas localidades (o que na convocatoria se denomina bloques homoxéneos).
Se exerzo o dereito preferente poden darme por calquera especialidade ?	Por calquera das que teñas recoñecidas. Mesmo unha sección bilingüe se presentas a acreditación do B2.
Que pasa se unha persoa suprimida non participa no concurso ?	Adxudícanlle praza de oficio.
Se estou destinada nunha comisión de servizos humanitaria ou de conciliación teño que concursar?	Se a queres volver a solicitar SI, pois é un dos requisitos para que cha concedan (sempre e cando se leven dous anos de destino definitivo). Ademais non podes renunciar.
Podo habilitarme a través do concurso de traslados?	NON. Segundo a Orde do 10 de xaneiro de 2012, o prazo de recoñecemento de novas especialidades é nos meses de xuño e de setembro de cada ano, por medio da aplicación www.edu.xunta.es/datos persoais.
Podo concursar por todas as habilitacións ?	SI.

Se son mestra ou mestre e imparto no **primeiro ciclo da ESO**, podo concursar a infantil e primaria?

SI. ¿E poderei volver a concursar ao primeiro ciclo da ESO unha vez que acceda a unha de primaria ou infantil? NON.

Se son **especialista en PT** podo pedir indistintamente prazas en CPI ou IES?

SI.

Cantas peticións poderei facer?

Non poderá exceder de 300. As peticións poderán facerse a centro concreto ou a localidade; serán compatíbeis ambas as dúas modalidades.

Podo participar a unha praza con **sección bilingüe ou dun centro plurilingüe**?

En contra da nosa esixencia, SI; sempre e cando teñas a titulación B2.

Poden darme de oficio prazas en **centros plurilingües e prazas en seccións bilingües**?

Se alegas a titulación SI.

Poden darme de oficio **prazas itinerantes**?

NON.

Podo asociar a miña petición á doutras solicitudes (**dereito de concorrencia**)?

SI. Ata un máximo de catro persoas e para unha soa provincia.

Será requisito o **coñecemento do galego**?

Só será requisito imprescindible para as materias que se teñan que impartir en galego segundo o Decreto 79/2010. Nas especialidades de educación infantil, primaria, no corpo de mestres, nas de xeografía e historia, bioloxía e xeoloxía e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario referentes á formación profesional específica e en todas as especialidades do corpo de PTFP.

En secundaria e FP podo exercer o dereito preferente ao centro se adquiero unha **nova especialidade**?

SI.

Existe a posibilidade de **renuncia**?

SI, durante o tempo especificado na publicación da resolución provisional.

Se non obteño destino na **resolución provisional** e non renuncio, poden darme destino na resolución definitiva?

SI.

Podo reclamar á resolución definitiva?

SI. Durante un mes desde a súa publicación en DOG mediante un recurso de reposición.

BAREMO:

Como puntúa a **antigüidade** no centro se estou nunha **permuta ou nunha comisión de servizos**?

A antigüidade cóntase desde a chegada ao teu centro con destino definitivo.

¿Podo puntuar por diversos **desempeños** exercidos no mesmo ano? (cargos directivos, coordinación de ciclo, coordinación ABALAR, coord. dinamiz. TIC, xefatura de seminario ou departamento, asesoría de formación permanente, asesorías ou dirección dun EOE, titorías, titorías de prácticas de Máster e de grao de maxisterio)

NON; en caso de presentar máis dun destes desempeños no mesmo ano, a Administración valorará o que resulte máis vantaxoso para a persoa que concursa.

Desde cando contará ser **membro dun tribunal**?

Desde a convocatoria de oposicións do 2007. Como se certifica? Precisarase dun certificado expedido polo órgano da Administración educativa convocante que teña a custodia das actas dos tribunais destes procedementos

Puntúan os cargos exercidos durante o **ano en prácticas**?

SI

Onde puntúan as **coordinacións de cursos e xornadas**?

Puntúan como actividade de formación superada.

Se **concurso dentro do mesmo centro** a outra especialidade, perdo a puntuación de destino definitivo?

NON.

Puntúa o tempo traballado como **interina ou interino**?

SI. Incluso os cargos e os nomeamentos (titorías, xefaturas, coordinacións...) exercidos durante ese tempo.

Puntúa facer a **titorización do alumnado en prácticas**?

SI, pero só para o Máster de secundaria ou a titulación de grao para infantil e primaria

Aparecerá algunha puntuación na aplicación?

Aquela referida á experiencia docente (antigüidade no centro e no corpo) e aos cargos, debería aparecer. A formación debería de aparecer consignada de oficio nos seguintes casos: os cursos organizados pola Consellería, cando menos dende o ano 2000; así como os cursos organizados polos movementos de renovación pedagóxica e as organizacións sindicais.

Haberá que **presentar documentación acreditativa** de cursos de formación, publicacións ou outros méritos xa presentados en concursos anteriores?

SI, de todo aquilo que non figura na aplicación. Todo o que non apareza baremado na aplicación do CXT, hai que ver se está contemplado na aplicación de datos persoais. Se non o está, hai que metelo aí, e si o está (e pon que se puntúa), haberá que facer unha alegación á puntuación do concurso.

Poderei **participar sen alegar méritos**?

SI, ademais poderás escoller, dos que xa teñas presentados, os que queiras que che puntúen para este concurso; agás, claro está, dos que che correspondan polo tempo traballado ao servizo da Administración.

Se teño varios **niveis da EOI** podo puntuar por todos?

NON. Valorarase o nivel superior. Para certificar os niveis de EOIs é suficiente co certificado expedido nas EOIs se aínda non se está en posesión do título.



Informa

INFORMACIÓN PARA CUBRIR O CXT

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Se xa metín os datos na aplicación cando me foron requiridos pola Consellería, **podo facer modificacións?**

SI. Terás que entrar na páxina www.edu.xunta.es/datospersoais, onde poderás xerar unha instancia coas alegacións que queiras e que deberás entregar xunto coa documentación xustificativa dos méritos alegados, acompañada da instancia de participación no concurso de traslados.

Como se presentan as publicacións?

Tanto as persoas que xa completaron o expediente como as que non, teñen que imprimir a folla correspondente a estes méritos e, xunto cos documentos xustificativos, remitilos, dentro do prazo da presentación do concurso, á comisión avaliadora situada na rúa Besada - San Lázaro 107, CP 15703 Santiago de Compostela.

Contarán as **publicacións dixitais?**

SI, pero deberán ir acompañados por un informe en que o organismo emisor certifique a base de datos bibliográfica na que aparece a publicación e se especifique o título da publicación, a autoría, a data de publicación e o depósito legal. Entregarase un exemplar impreso. Existirá algún requisito de calidade nas publicacións? NON, malia que esa foi unha das nosas demandas.

Que hai que presentar coas **publicacións** en libro ou revista?

Os exemplares (ou fotocopias compulsadas), certificación da editorial co número de exemplares, lugares de distribución e venda (difusión dos libros en librarías comerciais, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista ou libro, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN e ISBN no caso dos libros, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas ou libros editados por Administracións Públicas e Universidades (públicas - privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais...)

Máis aclaracións ao respecto das **publicacións**

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de asignaturas de carreira, mestrado ou doutorado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola comisión baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde 8 de novembro de 2010.

Se quero puntuar por **outras titulacións universitarias** que teño que presentar?

Tes que presentar todos os títulos que teñas, incluído o que alegaches para acceder ao corpo.

Puntuarán as titulacións de galego dos **CELGAs, de INICIACIÓN e PERFECCIONAMENTO e as VALIDACIÓNs?**

Os Celgas non puntuán por ningún apartado. Os cursos de iniciación, perfeccionamento, especialización e as súas validacións puntuarán polo apartado 5.1. O nivel avanzado das EOIs, o ciclo superior e o certificado de aptitude puntuarán como B2 no apartado 3.3. O nivel intermedio das EOIs e o ciclo elemental como B1 no apartado 3.3.

Contan os **cursos de doutorado?**

NON.

Qué **puntuacións** van ser **consumibles?**

As puntuacións por **centros de especial dificultade** van ser consumibles, as dos cargos directivos non.

En que **data** teñen que reunirse os **requisitos** alegados?

Na finalización do prazo de presentación de instancias do concurso (28 de novembro).

Poden **presentarse as instancias** nos centros educativos?

SI.

Onde se dirixen as instancias?

Á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Educación e O.U.